



ÍNDICE DE CONTIDOS:

- Que votamos nestas eleccións?
- Principais institucións da Unión Europea.
- Carta Social Europea e Piar Europeo de Dereitos Sociais.
 - Terminar co senfogarismo, a infravivenda e o chabolismo no 2030.
- Que fixo a Unión Europea por nos? Instrumentos de financiamento por parte das institucións comunitarias.
- Impacto práctico dos recursos comunitarios.
- Unha Europa con dereitos e libre de pobreza: 12 medidas contra a pobreza e a exclusión social para o vindeiro ciclo lexislativo europeo (2024-2029).

Análise en clave galega: Como nos afectan as políticas europeas?

Entre o 6 e o 9 de xuño de 2024, terán lugar as Eleccións ao Parlamento Europeo. Como cada 5 anos, millóns de cidadáns dos 27 Estados membro están chamados ás urnas para decidir co seu voto a composición do órgano lexislativo da Unión Europea e, por extensión, das maiorías que decidirán a composición do goberno comunitario: A Comisión Europea. Votar é un dereito fundamental, que nos permite expresar a nosa opinión e incidir sobre os temas que preocupan ás nosas sociedades; pero, sabemos o que nos xogamos nestes comicios? Coñecemos as institucións políticas, o que estas deciden e que impacto teñen as súas decisións nas nosas vidas?

Que votamos nestas eleccións?

A cidadanía dos países da UE escolle ós seus representantes como ao Parlamento Europeo: Un total de 720 eurodeputadas/os. Se ben é certo que a elas concorren partidos políticos nacionais, unha vez escollidos, pasan a integrarse en grupos políticos transnacionais.

As eurodeputadas/os, xunto ás representantes dos gobernos nacionais, inflúen en todos os aspectos da vida, dende o apoio á economía e loita contra a pobreza, ó cambio climático, con especial mención á aprobación dos orzamentos comunitarios.

Nun contexto marcado polo auxe nos discursos de odio e a aporofobia, o teu voto é máis decisivo que nunca.



#EUROPA CON DEREITOS
#LIBRE DE POBREZA

9 DE XUÑO DE 2024 - ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO



As principais institucións da Unión Europea

1. Parlamento Europeo: Representa á cidadanía da UE e é directamente escollido por ela. Toma decisións sobre a lexislación europea xunto co Consello da Unión Europea. Tamén aproba os orzamentos da UE.

2. Consello da UE: Representa ós gobernos dos Estados membro. Reúne ós/ás ministros/as nacionais de cada goberno para adoptar leis e coordinar políticas, en función do tema a tratar. Adopta decisións sobre a lexislación europea de xeito conxunto ao Parlamento Europeo.

3. Comisión Europea: Representa os intereses comúns da Unión Europea e é o principal órgano executivo. Propón novas leis, que son estudadas e adoptadas polo Parlamento Europeo e polo Consello da Unión Europea.

4. Consello Europeo: Formado polas xefaturas de Estado ou de Goberno dos países da Unión Europea. Define a orientación política xeral e as prioridades da Unión Europea.

Non adopta lexislación, excepto posibles emendas do Tratado da UE. As catro institucións principais da UE, coas súas diferentes funcións, colaboran estreitamente para establecer a axenda e iniciar e coordinar a actividade lexislativa da unión, e de maneira conxunta, ademais doutras accións clave para a cohesión da propia organización. Por esta razón, e froito da importancia que as Eleccións Europeas teñen para establecer a súa configuración, é esencial que a cidadanía se pronuncie co seu voto sobre o modelo de Europa que queren construír.

Ademais das competencias xa mencionadas, **as institucións europeas veñen despregando unha serie de ferramentas e instrumentos de financiamento claves para o fortalecemento do noso estado de benestar** e, de xeito amplo, para consolidar sistema democrático e defender a xustiza social. A continuación afondaremos no papel que cada un deles está a xogar na construción dunha Europa máis social e xusta.

Carta Social Europea e Piar Europeo de Dereitos Sociais

O [Piar Europeo de Dereitos Sociais](#), lanzado en 2017, establece **20 principios básicos** centrados en garantir unhas condicións de vida dignas para a cidadanía **agrupados en 3 grandes áreas: a igualdade de oportunidades e de acceso ao mercado laboral, a protección e inclusión social adecuada, e condicións de traballo xustas e seguras (Figura I).**

Figura I: O piar europeo de dereitos sociais en 20 principios



Fonte: [Comisión Europea](#)

En base aos principios establecidos polo piar, Comisión Europea realiza un seguimento da implementación das medidas nos estados a través de **14 indicadores sociais nun total de 12 áreas específicas (Figura II) cada medio ano (Semestre Europeo)**, e emite recomendacións a ter en conta por cada goberno nacional a nivel orzamentario e de deseño de políticas.

Figura II: Indicadores sociais de referencia (por área específica)

<p>1. Educación, habilidades y aprendizaje permanente</p> <p>» Abandono temprano de la educación y la formación:</p> <p>↘ El indicador se expresa como un porcentaje de la población total de entre 18 y 24 años, que haya completado la mayoría de la educación secundaria obligatoria y no esté involucrada en educación o capacitación adicional.</p> <p>2. Igualdad de género en el mercado laboral</p> <p>» Brecha laboral de género</p> <p>↘ El indicador mide la diferencia entre las tasas de empleo de hombres y mujeres, de edades comprendidas entre 20 y 64 años.</p> <p>3. Desigualdad y movilidad ascendente</p> <p>» Desigualdad de ingresos</p> <p>↘ Cociente entre los ingresos totales del 20% de las personas con ingresos más elevados (percentil 80 o quintil superior en la distribución de la renta) y los ingresos totales del 20% de la población con menos ingresos (percentil 20 o quintil inferior)*.</p> <p>4. Condiciones de vida y pobreza</p> <p>» Población en riesgo de pobreza y exclusión social (AROPE)</p> <p>↘ Se considera que las personas están en riesgo de pobreza o exclusión social si experimentan una o más de estas situaciones:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estar en carencia material severa, con condiciones de vida limitadas por carencia de recursos. • Vivir en un hogar sin empleo o con muy baja intensidad de trabajo, donde el promedio de las personas que están en edad de trabajar (18-59) trabajaron menos del 20% de su potencial de horas totales de trabajo durante el año pasado. • Vivir en un hogar con un "ingreso disponible equivalente" por debajo del umbral de riesgo de pobreza, establecido en el 60% de la mediana nacional equivalente al ingreso disponible. (Medida de pobreza relativa). 	<p>5. Juventud</p> <p>» Jóvenes que no están ni en el empleo, ni en la educación y la formación (NEET)</p> <p>↘ A escala europea, personas jóvenes entre 15 y 24 años, que no están trabajando, ni en educación o formación. En España, se tiene en cuenta la población entre 16 y 29 años.</p> <p>6. Estructura de la fuerza laboral</p> <p>» Tasa de empleo</p> <p>↘ Porcentaje de personas ocupadas en relación con la población total en el mismo grupo de edad.</p> <p>» Tasa de desempleo (paro)</p> <p>↘ Número de personas desempleadas expresado como un porcentaje de la fuerza de trabajo total.</p> <p>7. Dinámica del mercado de trabajo</p> <p>» Participantes en activación/ políticas activas</p> <p>↘ Proporción entre las personas que participan de forma activa en el mercado de trabajo o políticas activas por cada 100 personas que desean trabajar</p> <p>8. Ingresos, incluidos los relacionados con el empleo</p> <p>» Ingreso disponible bruto real no ajustada de los hogares</p> <p>↘ El ingreso disponible bruto no ajustado real de los hogares per cápita en términos de paridad de poder adquisitivo (PPA)¹⁰. Se calcula como el ingreso disponible bruto ajustado de los hogares y las instituciones sin fines de lucro que sirven a los hogares, indexado con el año base 2008.</p> <p>» Remuneración de las personas trabajadoras por hora trabajada.</p> <p>↘ La remuneración de los empleados incluye salarios, sueldos en efectivo y en especie, y contribuciones de la seguridad social de los empleadores.</p>	<p>9. Impacto de las políticas públicas en la reducción de la pobreza</p> <p>» Impacto de las transferencias sociales, distintas de las pensiones, en la reducción de la pobreza</p> <p>↘ Reducción del porcentaje de la tasa de riesgo de pobreza, debido a las transferencias sociales, que se calcula, comparando las tasas de riesgo de pobreza antes de las transferencias, con aquellas después.</p> <p>10. Cuidado de la primera infancia</p> <p>» Niños y niñas menores de 3 años en cuidados formales (educación infantil)</p> <p>↘ Niños/as atendidos/as en guarderías formales, expresados como un porcentaje de todos los niños/as del mismo grupo de edad.</p> <p>11. Cuidado de la salud</p> <p>» Necesidades insatisfechas de atención sanitaria</p> <p>↘ Las necesidades de atención médica se refieren a la evaluación de una persona de si necesitaba un examen o tratamiento para un tipo específico de atención médica, pero no lo tuvo o no lo buscó debido a las siguientes tres razones:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Razones financieras • Lista de espera • Demasiado lejos para viajar <p>12. Acceso digital</p> <p>» Nivel individual de capacidades digitales</p> <p>↘ Proporción de personas con habilidades digitales generales básicas o superiores básicas expresadas como un porcentaje de la población de 16-74 años.</p>
---	--	---

Fonte: [EAPN-ES](#)

Como exemplo práctico do relevo dos ditames emitidos, destaca o incremento do SMI polo goberno (un 47% nos últimos 5 anos), froito das recomendacións emitidas en base ao pilar 6 (Salarios), nos que se reclamaba ao executivo situalo, polo menos, no 60% do salario medio.



#EUROPACONDEREITOS
#LIBRESDEPOBREZA

9 DE XUÑO DE 2024 - ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO



Terminar co senfogarismo, a infravivenda e o chabolismo no 2030

Co obxectivo **de acadar os obxectivos establecidos polo Piar**, dende as institucións europeas puxéronse en marcha diferentes iniciativas. Entre elas destaca a [Plataforma Europea de loita contra o senfogarismo](#) (creada durante a Presidencia Portuguesa do Consello da Unión Europea), a través da que **ministerios nacionais, institucións comunitarias, sociedade civil, interlocutores sociais e cidades se comprometeron a traballar conxuntamente para erradicar o senfogarismo co horizonte de 2030** ([Declaración de Lisboa](#), asinada o 21/06/2021, referente ao principio 19).

Asemade, tamén centrado neste piar, destaca a [Resolución do Parlamento Europeo sobre a situación das comunidades xitanas marxinadas que viven en asentamentos chabolistas na Unión Europea](#), pola que o hemiciclo instou á **Comisión por ampla maioría a tomar medidas urxentes ante a emerxencia en materia de vivenda**. En paralelo, foron desenvolvéndose programas de apoio cos que se concretaron accións noutras áreas prioritarias do piar, tales como a [Estratexia sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade para 2021-2030](#) (principio 17), o [Marco estratéxico da UE en materia de saúde e seguridade no traballo 2021-2027](#) (principio 10) e a [Estratexia Europea de Coidados](#) (principios 2,9,11 e 18); claves para o fortalecemento da Europa Social.

A **Carta Social Europea**, adoptada en 1961 e revisada en 1996, **é un tratado do Consello de Europa**¹ que consagra dereitos humanos e liberdades fundamentais. Se ben non forma parte orgánica das institucións da UE, comparte o mesmo espírito que o Piar de Dereitos Sociais estende a súa aplicación máis alá dos países da unión (en concreto, a 19 máis). A Carta inclúe disposicións sobre o **dereito ao traballo, á seguridade social, á protección social e á igualdade de oportunidades e de trato no ámbito laboral, e conta cun organismo que supervisa o cumprimento do seu contido (Comité Europeo de Dereitos Sociais)**.

¹ O [Consello de Europa](#), creado en 1949; é unha organización intergubernamental da que forman parte 46 Estados, centrada na cooperación e sostido nos valores dos Dereitos Humanos, a democracia e o imperio da lei. Non confundir esta Organización Internacional con institucións da Unión Europea (Consello Europeo e Consello da UE).



Ambos os dous instrumentos contribúen de maneira significativa á erradicación da pobreza ao proporcionar un marco de compromisos que marque a dirección na que deben camiñar as políticas dos estados que forman a unión. En suma, as dúas perseguen o obxectivo de que ninguén quede atrás, coa implementación de medidas como os programas de formación e emprego e unha rede forte de protección social que inclúe salarios, subsidios e pensións dignas, así como condicións laborais adecuadas.

Que fixo a Unión Europea por nos? Instrumentos de financiamento por parte das institucións comunitarias

Dende o ingreso de España na entón denominada Comunidade Europea no ano 1986, baixo a premisa de acadar un verdadeiro equilibrio territorial entre as rexións parte da mesma, comezou o despregamento dos fondos europeos.

En suma, **Galicia recibiu ata a actualidade máis de 18.500 Millóns de Euros das diferentes liñas de apoio das institucións comunitarias no que foi un verdadeiro revulsivo para o desenvolvemento da nosa rexión.** Deseguido, afondaremos nas principais liñas de financiamento que seguen activos na Comunidade Autónoma, entre os que sobresaen de xeito singular os fondos FSE+ e os fondos FEDER.

O **Fondo Social Europeo Plus (FSE+)** e o **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** son instrumentos de apoio económico da Unión Europea destinados a promover a cohesión económica, social e territorial entre os Estados membros. Mentres que o FSE+ se enfoca en mellorar o emprego e as oportunidades laborais, promovendo a inclusión social e combatendo a pobreza, o FEDER céntrase máis no apoio ao desenvolvemento rexional, investindo en infraestruturas, innovación, investigación e desenvolvemento, así como na transición cara a unha economía máis sostible.

Operan baixo as liñas prioritarias establecidas pola Comisión Europea, en colaboración coas administracións dos Estados membro, nos que se definen as áreas de investimento ás que se destinarán os fondos. Xunto ás administracións europea, estatal e autonómica, promóvese a colaboración entre os sectores público e privado e a participación da sociedade civil no deseño dos proxectos financiados por estes fondos.



En clave galega, destácanse os seguintes detalles obtidos dos correspondentes Plans Operativos:

- **FEDER 2021-2027 : asignación financeira da UE que ascende a 940,2 M€**, o que, xunto coa financiación da Xunta, acercará un importe total para o Programa de 1.567 millóns de euros. Dentro das súas prioridades, destácanse:
 - Galicia Social e Accesible (79,2 M de Euros).
 - Galicia conectada (63,1M de Euros).
 - Galicia verde (378,7M de Euros).
 - Galicia intelixente (429,2M de Euros).

- **Fondo Social Europeo (FSE+ 2021-2027): Contribución comunitaria de 448,5 M€** que, xunto ós fondos proporcionados pola Xunta de Galicia achegará un total de 738,4 M€. Recolle 6 prioridades, salientando, por concentración temática; o 35,8% dedicado á Inclusión Social, o 7,9% á loita contra a pobreza infantil e o 13,3% a garantía xuvenil, respectivamente.

Atendendo ás áreas estratéxicas máis sensibles, puxéronse en marcha numerosas iniciativas de apoio económico en sectores como o pesqueiro (**Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura, FEMPA**) e agrario (**Fondos da Política Agraria Común, PAC e Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural, FEADER**); ademais doutras ferramentas encamiñadas ao fortalecemento da cohesión social e territorial da Unión (**Fondo de Transición Xusta, FTJ ou nomeadamente, o Fondo de Cohesión**).

Fondos Next Generation - EU: Os fondos Europeos de Recuperación, en resposta á crise económica e social desencadeada polo COVID-19, representan un esforzo inmediato da Comisión Europea para mitigar os impactos adversos e promover a recuperación económica ante a necesidades dos Estados membros e rexións máis afectadas.

A súa estratexia de xestión recóllese dentro do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (dividida en 4 eixos de actuación, 10 políticas panca e 31 compoñentes)** sendo a referencia sobre a que as diferentes administracións do estado (local, autonómica e estatal) deben deseñar accións concretas.

Figura III: Eixos e Pancas do Plan de Recuperación e Resiliencia



Fonte: [Ministerio de Facenda](#)

Para o despregamento dos fondos de maneira eficiente, o Plan recolle 2 instrumentos:

- **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR):** O MRR ten catro obxectivos principais: Promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados Membro; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar as transicións ecolóxica e dixital.
- **Fondos REACT-EU:** En Galicia, os beneficios dos fondos REACT-EU permitiron a posta en marcha dun amplo abano de medidas de apoio para empresas, traballadores e sectores clave da economía rexional. Desde o investimento en infraestruturas de saúde e educación ata programas de formación e recualificación laboral, contribuíron a minguar o impacto negativo da crise e a sentar as bases para unha recuperación máis sólida e equitativa.



Ademais dos fondos mencionados, a Comisión Europea aprobou outros mecanismos de asistencia ante a emerxencia xerada, entre os que destacan o SURE e o Plan RePowerEU, dos que destacan os seguintes detalles:

- **Instrumento de apoio temporal para mitigar os riscos de desemprego nunha emerxencia (SURE)**: Ao abeiro desta liña de financiamento, a comisión asignou un total de 21.300 millóns de Euros a España (transferidos de xeito gradual), os cales foron clave para o financiamento dos custos dos ERTE, así como das prestacións para os autónomos.
- **Plan RePowerEU**: Tras a invasión rusa de Ucraína e as súas derivadas no mercado enerxético, **os países da UE engadiron capítulos específicos aos seus plans nacionais de recuperación e resiliencia no marco dos Next Generation EU para financiar inversións e reformas enfocadas no aforro enerxético**, a diversificación do suministro de enerxía e a aceleración do despregamento das enerxías renovables. Estes tres obxectivos correspóndense co Plan RePowerEU, que naceu a partir da petición dos países membro dunha folla de ruta para reducir a dependencia da UE das importacións de gas, petróleo e carbón ruso, ademais de apoiar a transición cara a unha enerxía limpa e reforzar a resiliencia do sistema enerxético.

Da man do [Pacto Verde Europeo](#), e dos obxectivos do [Plan RePowerEU](#), o Parlamento e o Consello Europeo deron luz verde á modificación **da Directiva relativa á eficiencia enerxética de edificios (DEEE)**, proponendo conseguir **cero emisións** en todos os edificios de nova construción (a 1 de Xaneiro de 2028 para os de titularidade pública e o 1 de Xaneiro de 2030 nos de titularidade privada).

Ademais, **cada estado debe adoptar unha traxectoria nacional para a consecución dos obxectivos introducidos no regulamento**, entre os que se atopa a redución do consumo medio de enerxía (ata un 16% en 2030 en 20-22% en 2035 para edificios residenciais), así como garantir unha redución dun 55% no consumo medio de enerxía primaria da poboación vulnerable mediante a renovación dos edificios menos eficientes.

Entre as claves para alcanzar estas metas, contéplase a posta en marcha de programas áxiles de renovación de edificios (establecendo ventás únicas que faciliten o acceso e orientación específicos no eido), ademais doutras medidas para impulsar a mobilidade sostible.



Impacto práctico dos recursos comunitarios

Tras a posta en marcha do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia, resolvéronse xa máis de 320 convocatorias entre as áreas sinaladas como prioritarias. En conxunto coas restantes liñas de financiamento comunitario, estase a producir o maior esforzo en investimentos da historia, poñendo no centro o benestar das persoas. Entrando de cheo nas áreas concretas:

1. Políticas de Vivenda: Neste eido, cabe destacar a aposta pola rehabilitación e mellora de vivendas experimentada coa chegada dos fondos Next Generation, entre as que destacan:

- Axudas para promotores á construción de vivendas en aluguer social. En total destínanse 58,4 M€ para acadar 1.217 vivendas comprometidas para aluguer social. (Fondos de Recuperación)
- Actuacións de rehabilitación de edificios para a mellora da súa eficiencia enerxética. En total, 32,6 M€ para 54 actuacións de rehabilitación de barrios que benefician a 2.735 vivendas. (Fondos de Recuperación)

2. Rendas Mínimas e Garantía de Ingresos: O Piar Europeo de Dereitos Sociais promove medidas para garantir ingresos mínimos adecuados e protección social, o que se reflicte nas recomendacións realizadas dende a Comisión Europea en materia de asistencia social, subsidios de desemprego e outros mecanismos que axudan a previr a pobreza e a exclusión social. Asemade, a través do mecanismo SURE, garantiuse o financiamento dos ERTE e as prestacións a autónomos para facer fronte á situación derivada da pandemia.

3. Políticas de Emprego e Pensións: Os fondos do FSE+ e dos fondos de Recuperación apoiaron os programas de formación profesional, orientación e reforzo das oportunidades de emprego, especialmente entre os grupos máis vulnerables. Entre elas, destacan:

- Programas integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade. (FSE+)
- [Programa integrado para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables](#) a través da Rede Emprego Digno, formada por 14 entidades do Terceiro Sector da Acción Social² (Fondos de Recuperación)

² Para ampliar información, podes descargar o [Manual de Boas Prácticas](#) do programa, así como ao seu [Resumo Executivo](#)



4. Dereitos da Xuventude: A UE apoiou iniciativas para promover a participación activa da mocidade galega na sociedade, a través de programas de educación, formación, emprego e mobilidade, entre outras, con proxectos de capacitación e programas de intercambio e voluntariado para fortalecer as habilidades persoal da mocidade. Entre elas, sobresaen as seguintes accións financiadas co FSE e FSE+:

- Bolsas Galeuropa (Experiencias formativas para a mocidade na UE). (FSE)
- Xuventude Mentoring (FSE+)
- Programas de cooperación en Garantía Xuvenil para a empregabilidade das persoas mozas. (FSE+)

5. Dereitos e Garantías Sociais: O Piar Europeo de Dereitos Sociais, o FSE+ e os Fondos de Recuperación e resiliencia apoian políticas e programas dirixidos a garantir o benestar e os dereitos dos nenos en Galicia. Isto inclúe medidas de protección infantil, acceso a servizos de saúde, educación e coidado infantil de calidade, así como apoio a familias en situación de vulnerabilidade. Nesta liña, destacan:

- Convocatorias plurianuais de inclusión social (FSE+)
- Concerto social dos Programas de integración familiar e avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo. (FSE+)
- 116 novas prazas de Educación de 0-3 anos en 7 municipios. (Fondos de Recuperación).
- 60 M€ para equipos de alta tecnoloxía en 23 hospitais (Fondos de Recuperación).

6. Política Económica e Fiscal: Os fondos FEDER enfócanse na promoción do desenvolvemento económico rexional en Galicia, apoiando proxectos de infraestrutura, innovación, investigación e desenvolvemento para contribuír ao crecemento económico, a creación de emprego e a mellora da competitividade da rexión. Entre as iniciativas financiadas con estes fondos, destacan:

- Axudas para proxectos con enerxía fotovoltaica. (FEDER)
- Mellora de infraestruturas e fortalecemento de investigación. (FEDER)
- PERTE para o fomento da economía circular. 6 proxectos con 13 M€. Destaca PETSELECT (4,4 M€), Alumisel (3,9 M€), Foresa (3 M€), CEDAN JOBS (1,4 M€) e Ecocelta (0,1 M€). (Fondos de Recuperación).



Unha Europa con dereitos e libre de pobreza: 12 medidas contra a pobreza e a exclusión social para o vindeiro ciclo lexislativo europeo (2024-2029)

O resultado dos vindeiros comicios europeos **marcarán as políticas públicas comunitarias dos próximos anos** e, tal e como se ilustrou coa exposición do alcance das súas iniciativas; terá un impacto directo sobre os dereitos e o benestar de millóns de persoas.

Neste contexto, a Red Europea de Lucha contra a Pobreza y la Exclusión Social en el Estado Español (EAPN-ES) publicou o Documento **“Doce medidas por una Europa con derechos libre de pobreza. Elecciones Europeas 2024”**, coas **12 medidas imprescindibles para a próxima lexislatura do Parlamento**, presentadas xunto a indicadores concretos, tal e como se ilustra na seguinte figura:

12 medidas contra a Pobreza e a exclusión social

<div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 1. IMPLEMENTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS GARANTIZADOS (IMG) INDICADOR: Porcentaxe da poboación que vive por debaixo do umbral da pobreza antes e despois da implementación do IMG, con datos desagregados por idade e tipos de familias. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 2. ASEGURAR O ACCESO A VIVENDA DIGNA, AXEITADA E ASEQUIBLE INDICADOR: Aumento proporcional no número do parque de vivenda pública en aluguer social e de aluguer asequible. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 3. TRANSICIÓN XUSTA CARA UNHA ECONOMÍA SOSTIBLE INDICADOR: Porcentaxe total sobre o orzamento do fondo de inversión pública da UE destinados a proxectos específicos que promoven a transformación cara cero emisións netas e unha economía circular. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 4. PROMOCIÓN DO EMPREGO DIGNO INDICADOR: Taxa de traballadores e traballadoras en situación de pobreza. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 5. PROTECCIÓN FRONTE ÓS DESPEDIMENTOS INDICADOR: Porcentaxe de novas persoas desempregadas. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 6. REFORMA DA FISCALIDADE PARA UNHA DISTRIBUCIÓN MÁIS XUSTA DA RIQUEZA INDICADOR: Redución paulatina do índice de Gini. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px;"> 7. FORTALECIMENTO DO FONDO DE GARANTÍA XUVENIL E DA SÚA INCLUSIÓN NO SEMESTRE EUROPEO INDICADOR: Porcentaxe de mozas e mozos desempregados que participan en programas de formación ó emprego a través do Fondo de Garantía Xvenil. </div>	<div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 8. PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA E DAS ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR DA ACCIÓN SOCIAL (TSAS). INDICADOR: Crecemento do sector da economía social e solidaria en termos de emprego e contribución ao PIB. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 9. GARANTÍA DE RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS ÁS PERSOAS MIGRANTES, REFUXIADAS E SOLICITANTES DE ASILO INDICADOR: Número de expedientes de extranxeiría presentados e número de expedientes resoltos. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 10. IGUALDADE DE TRATO FRONTE Á APROFOBIA INDICADOR: Reducir a infradenuncia de delitos de odio por aporofobia ou que inclúen a aporofobia. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px; margin-bottom: 10px;"> 11. GARANTIR OS DEREITOS DIXITAIS DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA E O ACCESO Á ADMINISTRACIÓN PARA EXERCER OS SEUS DEREITOS INDICADOR: Aumento de solicitudes e acceso a prestacións e/ou dereitos dependentes dos servizos da administración, tanto dixital como presencialmente. </div> <div style="background-color: #e91e63; padding: 5px;"> 12. GARANTIR A TRANSVERSALIZACIÓN DE XÉNERO NA GARANTÍA DOS DEREITOS SOCIAIS INDICADOR: Redución da fenda de xénero en pobreza en períodos de recuperación. </div>
---	--

pobreza.gal



#EUROPACONDEREITOS
#LIBRESDEPOBREZA

9 DE XUÑO DE 2024 - ELECCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO



Estas propostas están encamiñadas a cumprir cos obxectivos de redución das taxas de pobreza sinalados pola Axenda 2030, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e o Piar Europeo de Dereitos Sociais. Unhas cifras que ano tras ano se manteñen altas e constantes, debido a causas multidimensionais. De feito, segundo os últimos datos publicados por Eurostat, **a pobreza e a exclusión social afectan ao 21,6 % da poboación europea: 95,3 millóns de persoas.**

Neste senso tamén se sitúan as conclusións do [Informe 'Poverty Watch 2023'](#) presentado por EAPN Europa o pasado mes de abril, que inclúe a análise de 21 redes europeas participantes, que recolle a relación entre as **elevadas cifras de pobreza e exclusión social nos países da UE** e a recente alza inflacionista, cun panorama alarmante no referente á **inseguridade alimentaria, falta de acceso a unha vivenda, saúde, enerxía e auga.**

Para dar resposta ás **demandas máis urxentes**, destácanse **propostas concretas** como a aprobación dunha **Directiva Europea que implemente sistemas de garantía de ingresos mínimos**, a posta en marcha dun paquete de políticas que impulsen la **vivenda pública, cooperativa, social o comunitaria**, e a aprobación da **iniciativa cidadá europea de gravar ás grandes riquezas para financiar unha transición ecolóxica xusta e social**; ademais de **mellorar a protección fronte ao despedimento**, o cumprimento da **Directiva Europea sobre uns salarios mínimos adecuados** e o **impulso dunha Decisión Marco para loitar contra todas as formas de aporofobia.**

A pesar de que as medidas sociais aplicadas a nivel europeo e estatal fronte á pandemia da COVID e para os efectos da inflación e da guerra en Ucraína foron moi diferentes á vía de austeridade de 2008 - apostando por un enfoque de dereitos -, o certo é que a pobreza e a exclusión social seguen sendo un problema pendente. De feito, tal e como indican os resultados do [Eurobarómetro de abril de 2024](#); **un terzo da poboación da UE considera que a loita contra a pobreza e a exclusión social (33 %) é o tema principal ao que debe dar prioridade o vindeiro Parlamento Europeo.**

En conclusión, **o Parlamento que xurda do resultado destes comicios debe ter como prioridade dar resposta inmediata ás necesidades urxentes e emerxentes**, adoptando medidas redistributivas e de xustiza social cun maior alcance, para evitar que a desigualdade, a pobreza e a discriminación sigan medrando a niveis intolerables.

Máis información na web: www.pobreza.gal **#EuropaConDereitos #LibresDePobreza**